

21 de Outubro de 2024

Estimad@ comerciante:

Grazas por participar en “**Merca no teu comercio Edición Outono– Pontevedra**” unha iniciativa que pon en marcha a Federación de Comercio de Pontevedra e as súas asociacións integradas, en colaboración coa Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia. Trátase da segunda edición desta campaña, que ten como obxectivo principal fomentar as vendas e poñer en valor e promocionar as compras nos comercios de proximidade e premiar a fidelidade dos nosos clientes.

Datas principais da 2ª edición:


- **Datas da campaña:** Do 25 de Outubro ao 13 de Novembro
- **Sorteo:** 15 de Novembro.
- **Gala entrega de premios:** Sábado, 23 de Novembro. 17.00 horas. Auditorio Campolongo Pontevedra.
- **Información completa da campaña e rexistro de tickets:**
www.mercanoteucomerciopontevedraoutono.com/comercios
- **Acceso directo a bases:** <https://www.mercanoteucomerciopontevedraoutono.com/bases-legais>

Premios: Sortearase entre todos os tickets rexistrados por comerciantes ou consumidores un total de **10.000 euros, repartidos en 50 bonos de 200 euros**, que **únicamente poderán ser canxeados nos comercios adheridos á campaña**. Ademais, na **Entrega dos premios, sortearase en directo unha tarxeta prepago de 1.000 euros**. Neste sorteo **poderán participar todos os premiados, aos que se sumarán seguidamente os seus acompañantes ata completar aforo e segundo marcan as bases da iniciativa**, e sempre que presenten un ticket dunha compra realizada nas datas da campaña (só unha participación por persoa). **Esta tarxeta prepago de 1.000 euros, deberá ser gastada pola persoa agraciada nunha única xornada de compras** (mañá ou tarde) dentro da semana seguinte ao sorteo, **no día que designe a organización**.

Lembrarvos que só poderán participar os clientes que rexistren tickets de compras nos comercios adheridos á campaña e só estes mesmos establecementos poderán rexistrar, se o desexan, os tickets dos seus clientes.

Agardamos que esta iniciativa sexa do voso interese e quedamos á vosa disposición para calquera dúbida ao respecto.

Un saúdo.



Asdo.: Iván Iglesias Domínguez

Presidente da Federación de Comercio de Pontevedra